

4. Ética e política

4.1 Ética

A Ética é a disciplina da Filosofía que estuda as normas que guían a conduta individual. As distintas posturas éticas podemos agrupalas en tres grandes conxuntos:

4.1.1 Teorías consecuencialistas

Avalían as consecuencias da acción e deciden en función das mesmas.

4.1.1.1 Utilitarismo

O utilitarismo remóntase á escola do filósofo grego Epicuro de Samos (341-270 a. C.), quen argumentou que a mellor vida é aquela que menos dor e angustia producen. O filósofo británico do século XVIII Jeremy Bentham (1748-1832) aplicou un estándar similar ás accións individuais e creou un sistema no que as accións podían ser descritas como boas ou malas dependendo da cantidade e grao de pracer e/ou dor que provocasen. O estudante de Bentham, John Stuart Mill (1806-1873) modificou este sistema facendo do seu estándar para o ben o concepto máis subxectivo de "felicidade", en oposición á idea máis materialista de "pracer".

O utilitarismo é un dos enfoques máis habituais para tomar decisións éticas, especialmente decisións con consecuencias que preocupan a grandes grupos de persoas, en parte porque nos indica que ponderemos as diferentes cantidades de ben e mal que se producirán pola nosa acción. A mellor acción será a que proporcione máis ben ou menos dano ou, dito doutro xeito, produza máis ben que mal. Así, soe identificarse co criterio de **“a maior utilidade ou felicidade para o maior número”**.

Deste xeito, o utilitarismo adoita ter un problema cando pretende tratar cuestións en grupos nos que está inserta unha **minoría**, xa que o criterio de maximizar o ben das maiorías pode facer que esta minoría saia extremadamente prexudicada. Así, nunha sociedade podería xustificarse a escravitude dunha minoría se iso maximiza a felicidade da maioría restante, o que pode chocar cos principios éticos dalgunhas persoas.

4.1.1.2 Egoísmo racional

Unha variación do enfoque utilitarista coñécese como ‘egoísmo ético’ ou a ‘ética do interese propio’. Neste enfoque, un individuo adoita utilizar o cálculo utilitarista para producir a maior cantidade de ben para si mesmo. Os sofistas gregos antigos como Trasímaco (c. 459-400 a. C.), quen afirmou que o poder é correcto, e os primeiros pensadores modernos como Thomas Hobbes (1588-1679)



poden ser considerados precursores deste enfoque. Unha das máis influentes defensoras recentes do egoísmo ético foi a filósofa ruso-estadounidense Ayn Rand (1905-1982), quen, no libro *A virtude do egoísmo* (1964), argumenta que o interese propio é un requisito previo para o auto-respecto e o respecto polos demais. Existen numerosos paralelismos entre o egoísmo ético e as teorías económicas do *laissez-faire* (‘deixar facer’), nas que se considera que **a procura do interese propio conduce ao beneficio da sociedade**, aínda que o beneficio da sociedade só se ve como o afortunado subproduto de seguir o interese propio individual, non o seu obxectivo.

4.1.1.3 O enfoque do ben común

Os antigos filósofos gregos Platón (427-347 a. C.) e Aristóteles (384-322 a. C.) promoveron a perspectiva de que as nosas accións deberían contribuír á **vida comunitaria** ética. O defensor moderno máis influente deste enfoque foi o filósofo francés Jean-Jacques Rousseau (1712-1778), quen defendeu que a mellor sociedade debería guiarse pola ‘vontade xeral’ do pobo que entón produciría o que é mellor para o pobo coma un todo. Este enfoque da ética

subliña os aspectos en rede da sociedade e enfatiza o respecto e a compaixón polos demais, especialmente aqueles que son máis vulnerables.

4.1.2 Teorías non consecuencialistas

Non avalían as consecuencias dunha acción, senón elementos previos e a priori con respecto á mesma.

4.1.2.1 *Teoría baseada no deber*

O enfoque baseado no deber, ás veces chamado ética deontolóxica, asóciase máis habitualmente co filósofo Immanuel Kant (1724-1804), aínda que tivo importantes precursores no pensamento anterior non-consecuencialista, a miúdo explicitamente relixioso, en persoas como San Agostiño de Hipona (354-430), quen salientou a importancia da vontade e intención persoal para a toma de decisións éticas. Kant argumentou que facer o correcto non se trata das consecuencias das nosas accións (algo sobre o que finalmente non temos control) senón de ter **a intención adecuada** ao realizar a acción. A acción ética é a tomada do **deber**, é dicir, que se fai precisamente porque é a nosa obriga realizar a acción. As obrigas éticas son as mesmas para todas as criaturas racionais (son universais), e o coñecemento do que implican estas obrigas chégase descubrindo regras de comportamento que non se contradín pola razón.

A famosa fórmula de Kant para descubrir o noso deber ético coñécese como "imperativo categórico". Ten varias versións diferentes, pero Kant cría que todas correspondían ao mesmo imperativo. A forma máis básica do imperativo é: "Actúa só segundo unha máxima pola que poidas á vez querer que se converta nunha lei universal".

4.1.2.2 *Teorías basadas nos dereitos*

O enfoque dos dereitos é outro enfoque non consecuencialista que deriva gran parte da súa forza actual da ética kantiana baseada no deber, aínda que tamén ten unha historia que se remonta polo menos aos estoicos da antiga Grecia e Roma, e ten outra corrente influente que deriva da obra do filósofo empirista británico John Locke (1632-1704). Este enfoque estipula que a mellor acción ética é a que protexe os dereitos éticos de quen se ve afectado pola acción. Destaca a crenza de que **todos os seres humanos teñen dereito á dignidade**. Este baséase nunha formulación do imperativo categórico de Kant que di: "Actúa de forma que trates á humanidade, sexa na túa propia persoa ou na persoa doutro, sempre ao mesmo tempo como un fin e nunca simplemente como un medio" Debátese a lista de dereitos éticos; moitos agora argumentan que os animais e outros non humanos como os robots tamén teñen dereitos.

4.1.2.3 *Teorías basadas na xustiza*

A versión máis influente deste enfoque atópase na actualidade no traballo do filósofo estadounidense John Rawls (1921-2002), quen argumentou que os principios éticos xustos son aqueles que serían elixidos por persoas libres e racionais nunha situación inicial de igualdade. Este hipotético contrato fundacional da sociedade considérase xusto porque prevé un procedemento para o que se considera unha acción xusta, e non se ocupa das consecuencias desas accións. A equidade do punto de partida é o principio do que se considera xusto. A idea sería que para establecer os principios que guían a acción dentro dunha sociedade debemos pensar non nas nosa situación, senón facendo abstracción dela (velo de ignorancia). Se procedemos así, os principios da nosa ética serían xustos. Como tales principios son xustos non polas consecuencias, senón polo procedemento que os xenera, tamén lle chamamos a isto procedimentalismo.

4.1.2.4 *Teorías basadas no mandato divino*

Como o seu nome indica, este enfoque ve o que é correcto como **o que Deus manda**, e os estándares éticos son a creación da vontade de Deus. Seguir a vontade de Deus é visto como a propia definición do que é ético. Debido a que Deus é visto como onipotente e posuidor do libre albedrío, Deus podería cambiar o que agora se considera

ético, e Deus non está obrigado a ningún estándar de ben ou mal, salvo á contradición lóxica. O filósofo cristián medieval Guillermo de Ockham (1285-1349) foi un dos pensadores máis influentes desta tradición, e os seus escritos serviron de guía para reformadores protestantes como Martín Lutero (1483-1546) e Calvino (1509-1564). O filósofo danés Søren Kierkegaard (1813-1855), ao eloxiar a vontade do patriarca bíblico Abraham de matar ao seu fillo Isaac por orde de Deus, afirmou que unha acción verdadeiramente correcta debe ir máis alá da moral cotiá.

4.1.3 Teorías basadas no axente

Resaltan o papel do axente e as súas condicións como elemento fundamental para establecer a corrección das decisións.

4.1.3.1 *Teoría da virtude*

Sostén que as accións éticas deben ser coherentes coas **virtudes humanas ideais**. Estas virtudes son propiedades das persoas que se adquiren coa práctica: acadar a sabedoría, a felicidade ou a contemplación intelectual. Aristóteles, por exemplo, argumentou que a ética debería preocuparse da totalidade da vida dunha persoa, non das accións individuais e discretas que unha persoa pode realizar nunha situación determinada. A totalidade importa porque cada decisión é un paso cara a consecución da virtude. Unha boa sería aquela que acadou as virtudes. Este enfoque tamén é destacado en contextos non occidentais, especialmente no leste asiático, onde a tradición do sabio chinés Confucio (551-479 a.C.) enfatiza a importancia de actuar virtuosamente (dunha maneira apropiada) nunha variedade de situacións. Debido a que a ética da virtude se ocupa da totalidade da vida dunha persoa, tómase en serio o proceso de educación e formación, e subliña a importancia dos **modelos** para a nosa comprensión de como participar na deliberación ética.

4.1.3.2 *Feminismo*

Nas últimas décadas, o enfoque da virtude da ética foi complementado e ás veces revisado significativamente por pensadores da tradición feminista, que adoitan facer fincapé na importancia das experiencias das mulleres e doutros grupos marxinados para a deliberación ética. Entre as contribucións máis importantes deste enfoque está o primeiro plano do principio de coidado como unha preocupación ética lexitimamente primaria, moitas veces en oposición ao enfoque de xustiza aparentemente frío e impersoal. Como a ética da virtude, a ética feminista preocupada pola totalidade da vida humana e como esta vida chega a influír na forma en que tomamos decisións éticas. Para o feminismo no xuízo acerca da corrección moral das accións debe terse en conta a condición do axente, en concreto, a condición particular de ser muller.

Selección textual

Texto 1

Non hai en ningures no mundo, nin sequera fóra del, nada pensable que poida ser considerado sen restrición bo, agás unha *boa vontade*.

(...)

A boa vontade non o é pola súa acción ou os seus efectos, nin pola súa idoneidade para acadar tal ou cal fin proposto, senón unicamente polo querer, é dicir, é boa en si, e, considerada por si mesma, é en comparación moito máis digna de estima ca todo o que por ela puidese lograrse para satisfacer tal ou cal inclinación ou, se se quere, a suma de todas as inclinacións.

(...)

Para desenvolver, porén, un concepto dunha boa vontade digna en si mesma da máis alta estimación e desprovista de calquera propósito ulterior, tal como xa está no san entendemento natural, que non precisa tanto de ser ensinado, senón máis ben só ilustrado (...) imos tomar en consideración [poñer diante nosa] o concepto de *deber*

(...)

deber é a necesidade dunha acción por respecto á lei.

(...)

O valor moral da acción non reside, por tanto, no efecto que dela se espera e tampouco en ningún principio da acción que precise tomar prestada a súa motivación daquel efecto esperado. Pois todos eses efectos (a comodidade da propia situación, ou mesmo o fomento da felicidade allea) podían ser logrados por outras causas e non se precisaba para iso da vontade dun ser racional, unicamente na cal, non obstante, se pode atopar o ben supremo e incondicionado. Por iso ningunha outra cousa máis que a *representación da lei* en si mesma –*que, de certo, só pode realizarse no ser racional*– en canto é ela, e non o efecto que agardamos, a determinación última da vontade, pode constituír o ben excelente que chamamos ben moral, o cal está xa presente na persoa mesma que actúa conforme á lei, pero que non se pode esperar do efecto [desa acción].

Mais, que clase de lei pode ser esa cuxa representación, mesmo sen tomar en consideración o efecto que dela agardamos, ten que determinar a vontade, a fin de que esta poida chamarse boa absolutamente e sen reservas? Tendo eu desposuído á vontade de todos os estímulos que poderían afastala da observancia dunha lei calquera, nada máis resta que a conformidade a unha lei universal das accións en xeral, a cal unicamente ha de servir á vontade como principio; é dicir, eu debo conducirme sempre unicamente de xeito *que eu poida tamén querer que a miña máxima se torne en lei universal*. Aquí é, pois, a mera legalidade en xeral (sen poñer como fundamento lei ningunha determinada a certas accións) a que serve de principio á vontade e a que tamén como tal lle ten que servir se é que baixo calquera circunstancia o deber non ha de ser unha va ilusión e un concepto quimérico. E con isto está en perfecta concordancia a común razón dos homes nos seus xuízos prácticos, tendo sempre diante dos ollos o mencionado principio.

I. KANT; *Fundamentación da metafísica dos costumes*, Cap. I (Tránsito do coñecemento racional moral ordinario ó filosófico)

Texto 2

O cristianismo foi a primeira escola de pensamento en proclamar a suprema sacralidade do individuo. O primeiro deber dun cristián é a salvación da súa propia alma. Este deber prima sobre calquera que poida deber aos seus irmáns. Este é o postulado básico do verdadeiro individualismo. A salvación da propia alma significa a preservación da integridade do propio ego. A alma é o ego. Logo o cristianismo predicou o egoísmo no sentido en que eu o entendo, nun sentido elevado, nobre e espiritual. Cristo dixo que debes amar ao teu próximo como a ti mesmo, pero nunca dixo que debes amalo máis que a ti mesmo -que é a monstruosa doutrina do altruísmo e do colectivismo.

Carta de Ayn Rand ao reverendo Dudley

4.2 Política

A Filosofía Política é a disciplina da Filosofía que estuda as normas que guían a conduta colectiva. Tenta dar respostas a preguntas acerca do mellor modo de organizarnos como sociedade.

4.2.1 Teorías anárquicas

O anarquismo é unha teoría política que se mostra escéptica sobre a xustificación da autoridade e do poder. O anarquismo adoita estar fundamentado na importancia da liberdade individual, moitas veces concibida como a liberdade fronte á dominación. Enfatízase, pois unha liberdade negativa, é dicir, liberdade fronte a dominación externa.

Malia a que as teorías anarquistas comparten a idea xeral de que o individuo non debe ser sometido pola forza a ningunha autoridade externa imposta pola forza, non todas elas cren no mesmo modelo de organización política. As diferencias xorden, entre outros motivos, pola diferente concepción do ser humano que cada unha sostén. De seguido veremos cada unha destas diferentes concepcións do ser humano e o tipo de organización colectiva na que derivan.

4.2.1.1 Anarquismo primitivista (anarcoprimitivismo)

Movemento político e ético que combina o marco político do anarquismo coa crítica cultural proporcionada polo primitivismo. Destacan autores como Thoreau, John Zerzan ou Christopher Ryan.

En moitos sentidos, esas perspectivas comparten un terreo común. O anarquismo desafía as relacións xerárquicas de poder, particularmente no ámbito político, mentres que o primitivismo, en xeral, desafía as condicións da humanidade, o modo de vida moderno, no mundo civilizado. Cada un ofrece perspectivas críticas sobre as institucións humanas e a institucionalización concomitante da humanidade e dos ecosistemas naturais da Terra. Os anarco-primitivistas afirman que a civilización actúa como o principal motor de alienación da natureza e dos outros. Así, os anarcoprimitivistas buscan vivir en comunidades en harmonía coa natureza e liberadas das regras da civilización.

Critican as orixes e o progreso da Revolución Industrial e da sociedade industrial. Segundo o anarcoprimitivismo, o paso do cazador-recolector á subsistencia agrícola durante a Revolución Neolítica deu lugar á coacción, á alienación social e á estratificación social. Dende os seu orixe fai 300.000 anos ata fai uns 10.000, o ser humano evolucionou e adaptouse a un estilo de vida cazador recolector. Isto implica un xeito de relacionarse, de vivir, de exercitarse, de alimentarse e de entender a realidade. A partires da revolución neolítica producíronse cambios no modo de vida do ser humano que son vistos como negativos para os defensores desta corrente. Algúns destes cambios son:

- Paso do nomadismo á sedentarización: produce cambios na maneira de empregar o corpo que implican menos exercicio físico coherente coa nosa evolución biolóxica.
- Cambios na dieta: pásase dunha dieta propia de cazadores-recolectores a unha dieta baseada en cereais seleccionados artificialmente. Os defensores desta corrente sosteñen que o organismo humano non evolucionou para adaptarse a esta nova dieta, e disto xorden problemas que empobrecen a calidade de vida
- Cambios na estratificación social: pasamos de sociedades con baixa estratificación social, como as paleolíticas, a sociedades con estratificacións rixidas e grandes concentracións de poder, con reis e exércitos



Figura 1: Paleta de Narmer, 3050 a.C.; os anarco primitivistas asocian a creación dos grandes estados ao exercicio da violencia a gran escala

ao seu servizo. Iso aumenta a capacidade de impoñer autoridade pola forza e o grao de violencia das comunidades.

- Alienación nas tarefas: o ser humano pasa a especializarse en unha única tarefa (campesiño, oleiro, guerreiro, orfebre, etc.) en lugar de enriquecer a súa vida realizando múltiples tarefas diferentes que enriquezan varias dimensións do seu ser, como ocorre cos cazadores recolectores.

Na actualidade os anarcoprimitivistas prefiren construcións descentralizadas a pequena escala, como ferramentas manuais, vivendas minimalistas e fontes de alimento silvestre. Os anarcoprimitivistas son críticos con calquera sistema tecnolóxico a gran escala que requira unha ampla infraestrutura, como as centrais eléctricas, os automóbiles e as propias cidades. Esa posición trata tanto de resistir á autoridade centralizada, xa sexa en forma de entidades gobernamentais ou corporativas, como de reflectir as preocupacións ecolóxicas.

Os anarco-primitivistas afirman que os individuos deberían buscar desescalar o impulso tecnolóxico da civilización e, finalmente, desvincularse da súa maquinaria por completo, o que inclúe o abandono da agricultura por unha existencia de cazadores-recolectores e a eventual diminución da poboación humana para que as especies poidan volver vivir dentro dos ritmos naturais do planeta en lugar de a costa deles.

Casi todos los aspectos de nuestras vidas (y de nuestras muertes) están distorsionados por un juicio desinformado sobre el tipo de animal que es realmente el Homo sapiens. [...] Si esperabais un mundo igualitario de plenitud compartida y tiempo libre a raudales en el que disfrutar de la compañía de vuestros seres queridos, pensad que nuestros antepasados ocuparon un mundo muy parecido a ese hasta la aparición de la agricultura.

[...] Más del 95 por ciento del tiempo que lleva existiendo nuestra especie hemos vivido como cazadores-recolectores nómadas que se desplazan en pequeños grupos de, como máximo, ciento cincuenta personas.

[...] Tres de las características que se hallan de forma constante en las sociedades recolectoras se corresponden más o menos con los ámbitos social, físico y psicológico: el igualitarismo, la movilidad y la gratitud.

Como explica Jared Diamond en *El tercer chimpancé*: «Estamos acostumbrados a asumir que la transición del estilo de vida cazador-recolector a la agricultura nos proporcionó salud, longevidad, seguridad, ocio y una gran cultura». Pero Diamond señala que, si bien «los argumentos a favor de este punto de vista parecen abrumadores, son difíciles de demostrar». De hecho, la transición a la agricultura fue perjudicial para la calidad de vida general de las personas que nacieron posteriormente. La salud, la longevidad, la seguridad y el ocio han disminuido para casi todos, incluidas las élites, como señalan las mediciones más relevantes.

La agricultura era mucho más que un modo de obtener alimentos. Dio forma a prácticamente todos los elementos de las sociedades humanas (relaciones hombre-mujer, cuidados infantiles, gobierno, sistema de clases, militarismo, relaciones con otros animales y con el mundo natural, etc.). La historia cambió, y, con ella, el mundo entero.

Christopher Ryan, *Civilizados hasta la muerte*, 2019

4.2.1.2 ***Paleoanarquismo ou paleolibertarianismo***

Son contrarios á existencia de autoridades impostas como o Estado pero, ao mesmo tempo, consideran que **a liberdade fronte a calquera Estado non é suficiente** para unha boa ou virtuosa sociedade. Consideran que, ademais, é preciso que existan e se defendan **institucións de adscrición voluntaria** (pódese entrar e saír delas

voluntariamente) que cumpran diversas funcións comunitarias. É dicir, **a liberdade é necesaria pero non suficiente**, fronte aos liberais clásicos, que consideran que a liberdade é suficiente para unha comunidade política boa. Así, aséntanse nas seguintes premisas:

1. O Estado é un mal histórico e fonte de opresión: presenta un poder total fronte ás persoas, co que limita a súa liberdade en favor das persoas integrantes do aparato estatal (gobernantes e funcionarios).

2. O mercado libre é un imperativo moral e práctico: ninguén ten dereito moral a impedir o intercambio libre entre persoas adultas. Por isto, rexeitan que os intercambios se regulen, someténdoo a impostos para o Estado, por exemplo.

3. A propiedade privada é necesaria para unha sociedade libre e moral: sen propiedade privada non podemos expresarnos nin exercer outros dereitos. Pensemos, por exemplo, que sen a propiedade do papel non se pode imprimir un xornal e sen a propiedade dun teléfono ou ordenador non podemos expresarnos pola rede.

4. O Estado de benestar victimiza aos cidadáns en convérteos en clientes que dependen del: ao apropiarse de funcións como a educación, a sanidade ou os coidados, o estado provoca que os suxeitos non poidan sobrevivir facilmente sen a súa autoridade. Ademais, preséntase coma un gran pai hiperprotector que se ocupa de todo, o que provoca que cada individuo non se responsabilice da súa educación ou da súa saúde na mesma medida.

5. A ética igualitaria é destrutiva para a propiedade privada e a autoridade moral. As desigualdades en capacidades ou habilidades son naturais para os paleoanarquistas. So poden eliminarse reprimendo aos que destacan ou quitándolles a propiedade que acumulan a maiores. Se isto se realiza baixo coacción ou violencia, como ocorre co Estado, é algo inmoral. Pensemos, por exemplo, nun gran cantante que naturalmente posúe moi boa voz e se enriquece con ela. Os paleoanarquistas consideran que ninguén debe quitarlle as súas riquezas polo feito de que o sitúen nunha posición económica superior aos demais.

6. A autoridade social, representada nas institucións tradicionais da familia, a Igrexa ou a comunidade, son próximas ao individuo e protéxeno fronte ao poder do Estado. Son, pois, necesarias para a liberdade.

7. Defensa da sociedade occidental e dos valores xudeo-cristianos nos que se asenta como garantes dunha vida civil, pacífica e libre. Valores como os de propiedade, aforro, contención das paixóns e pensamento a longo prazo, son eixos centrais da cultura occidental que estes autores valoran especialmente.

Así, erixíranse en defensores conservadores de institucións como a familia, a empresa ou a Igrexa, e rexeitarán o discurso progresista que as ataca. Destacan, tamén, a defensa da **liberdade negativa** (dereito a non ser molestado), pero rexeitan a **liberdade positiva**, xa que a entenden como que outros garantan que o individuo pode facer efectivamente as accións que prefira. Así, o dereito á educación, por exemplo, sería unha liberdade positiva, pois supón que outros teñen que educar ao suxeito de dereitos ou financiar a súa educación.

4.2.2 Teorías áρχicas

4.2.2.1 Fascismo

É unha teoría política que entra en auge no s. XX que ten os seus antecedentes máis remotos na antiga Esparta, un estado militarista con forte énfase na pureza racial: os espartanos considerábanse racialmente superiores aos non espartanos. Ten tamén as súas raíces no antirracionalismo de finais do século XIX (o que importa é a vontade, o querer, fronte á razón), e tamén no Darwinismo social (sobrevivirán os máis fortes), unha interpretación distorsionada da teoría evolutiva biolóxica de Darwin. Critican tamén a mentalidade cristiá de axuda ao débil, resaltando ao tipo de individuos fortes e poderosos (por influencia, tamén, do romanticismo). No século XX destacan os réximes fascistas de Italia e, máis tarde e sobre todo, a Alemaña nazi.

Benito Mussolini, que foi o primeiro en utilizar o termo para o seu partido político en 1915, describiu o fascismo en *A doutrina do fascismo* do seguinte xeito:

Dado que o século XIX foi o século do socialismo, do liberalismo, da democracia, isto non quere dicir que o século XX deba ser tamén o século do socialismo, do liberalismo, da democracia. As doutrinas políticas pasan; as nacións permanecen. Somos libres de crer que este é o século da autoridade, un século tendente á "dereita", un século fascista. Se o século XIX foi o século do individuo (o liberalismo implica individualismo) somos libres de crer que este é o século "colectivo", e polo tanto o século do Estado.

A concepción fascista do Estado é global; fóra dela non poden existir valores humanos nin espirituais, e moito menos ter valor. Así entendido, o fascismo é totalitario, e o Estado fascista –síntese e unidade inclusiva de todos os valores– interpreta, desenvolve e potencia toda a vida dun pobo.

O fascismo é unha concepción relixiosa na que o home se ve na súa relación inmanente cunha lei superior e cunha Vontade obxectiva que transcende o individuo particular e o eleva á pertenza consciente a unha sociedade espiritual. Quen non viu na política relixiosa do réxime fascista máis que mero oportunismo non entendeu que o fascismo ademais de sistema de goberno é tamén, e sobre todo, un sistema de pensamento.

Esta corrente conta coas seguintes características:

1. Militarismo: como totalitarios e favorables á autoridade firme, adoitan lexitimar un amplo uso de medios militares para implantar os obxectivos políticos.

2. Ultranacionalismo: defenden que a unidade política e a nacional deben ir da man. É dicir, unha nación que comparta cultura debe ter un Estado propio. Non deben existir nacións dispersas en diferentes Estados. Por iso en moitas ocasións téndese a buscar a unificación violenta de todos os individuos da mesma cultura, como ocorre no caso dos falantes de alemán fora de Alemaña na época de Hitler. Ademais, ensálzanse as particularidades propias e glorifícanse. Así, lóubase o característico de ser "italiano", "alemán" ou "español" fronte ao compartido entre nacionalidades. Aquí, pois, percíbese a influencia romántica de novo.

3. Totalitarismo: a liberdade individual está moi restrinxida e rexe un poder total do Estado. Non adoita, pois, haber espazo para ideas diferentes das do Estado e se xorden, tenden a ser perseguidas e canceladas. Estes Estados adoitan estar dirixidos por un partido político único e un líder carismático ao que tende a renderse culto.

4. Anti-democratismo: no fascismo rexeitase a democracia por considerar que a elite gobernante é a mellor preparada para cumprir os obxectivos do Estado, desconfiándose das decisións que poida adoptar maior parte da poboación.

4.2.2.2 Socialismo

É unha teoría política que presenta as seguintes características fundamentais:

1. Rexeitamento da propiedade privada: reclaman a propiedade social, é dicir, que os medios de produción sexan colectivos e os produtos se distribúan de xeito planificado dende a comunidade aos individuos segundo as súas necesidades. Tanto a produción como a distribución adoita estar planificada centralmente dende o Estado ou órganos sociais. Isto contrasta fortemente coas economías de mercado capitalistas liberais, onde cada individuo elixe que producir e que consumir nun mercado aberto.

2. Igualdade: propuxeron versións contundentes do principio de igualdade de oportunidades segundo o cal todos deberían ter acceso en igualdade de condicións aos medios materiais e sociais necesarios para vivir unhas vidas prósperas. Tamén se postula dentro das políticas socialistas unha igualdade nos salarios ou unha diferenza non moi elevada entre os que menos gañan e os que máis. Isto contrasta co ideal de liberdade nos intercambios propio das correntes liberais e tamén das anárquicas.

3. Democracia: Os socialistas tamén aceptan o ideal da democracia, esixindo que as persoas teñan acceso en igualdade de condicións aos medios necesarios para participar significativamente nas decisións que afectan as súas vidas. Moitos socialistas din que a participación democrática debería estar dispoñible non só a nivel das institucións gobernamentais, senón tamén en varios ámbitos económicos (como dentro da empresa). Podemos contrastar isto

tamén coa liberdade individual na medida en que democraticamente se poden tomar decisións pola maioría que supoñan unha intromisión na vida dos individuos particulares.

4. Liberdade positiva: En terceiro lugar, os socialistas están comprometidos coa importancia da liberdade individual. Este compromiso inclúe versións das ideas de liberdade negativa e non dominación (que requiren seguridade fronte a interferencias inadecuadas doutros). Pero tamén normalmente inclúe unha forma máis esixente e positiva de autodeterminación, como a liberdade real de poder desenvolver os propios proxectos e levalos a bo porto.

5. Autorrealización: Un ideal de autorrealización a través de actividades elixidas de forma autónoma que inclúan o desenvolvemento das persoas e o exercicio das súas capacidades creativas e produtivas en cooperación con outras persoas.

6. Solidariedade: Finalmente, os socialistas adoitan afirmar unha idea de comunidade ou solidariedade, segundo a cal as persoas deberían organizar a súa vida económica para que traten a liberdade e o benestar dos demais como intrinsecamente significativos. As persoas deberían recoñecer os deberes positivos para apoiar a outras persoas.

4.2.2.3 *Liberalismo*

Un liberal é unha persoa que cre na liberdade. De dous xeitos diferentes, os liberais conceden a primacía á **liberdade como un valor político**. En primeiro lugar, os liberais sosteñen normalmente que os humanos atópanse naturalmente nun "Estado de perfecta liberdade para ordenar as súas accións... como crean oportuno... sen pedir permiso ou depender da vontade de calquera outro home" (Locke). Mill tamén argumentou que "A carga da proba correspóndelle aos que están en contra da liberdade; que loitan por calquera restrición ou prohibición... A asunción a priori é a favor da liberdade...". Isto podería chamarse Principio Liberal Fundamental: a liberdade é normativamente básica, polo que a carga da xustificación recae sobre aqueles que limitarían a liberdade. Diso dedúcese que a autoridade política e a lei deben estar xustificadas, xa que limitan a liberdade dos cidadáns. En consecuencia, unha cuestión central da teoría política liberal é se a autoridade política pode xustificarse e, se é así, como. É por iso que a teoría do contrato social, tal e como foi desenvolvida por Thomas Hobbes, John Locke, Jean-Jacques Rousseau e Immanuel Kant, adoita considerarse liberal. Na medida en que toman como punto de partida un estado de natureza no que os humanos son libres e iguais, e así argumentan que calquera limitación desta liberdade e igualdade precisa de xustificación (é dicir, polo contrato social), a tradición contractual expresa o Principio Liberal Fundamental.

Para os liberais clásicos a liberdade e a propiedade privada están intimamente relacionadas. Desde o século XVIII ata hoxe, os liberais clásicos insistiron en que un sistema económico baseado na propiedade privada é unicamente coherente coa liberdade individual, permitindo a cada un vivir a súa vida, incluíndo empregar o seu traballo e o seu capital, como considere oportuno. De feito, os liberais e libertarios clásicos afirmaron a miúdo que, dalgún xeito, liberdade e propiedade son realmente a mesma cousa; defendeuse, por exemplo, que todos os dereitos, incluídos os dereitos de liberdade, son formas de propiedade; outros sosteñen que a propiedade é en si mesma unha forma de liberdade.

Así, os liberais **poden considerar a necesidade do estado**, sobre todo para funcións básicas como a seguridade, pero pensan que debe xustificarse moi ben e, en todo caso, **limitarse o seu poder** mediante mecanismos como a división de poderes ou o control democrático.